



## CABANAS

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 15 DE XUÑO DE 2015.

Concelleiros asistentes: No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as vinte horas do día quince de xuño de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde accidental D. Manuel González López, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular D. Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria para tomar coñecemento da toma de posesión do cargo de Alcalde por D. Germán Castrillón Permuy.

D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro.  
D. Julian Ramón Seijas Criado  
D. Delfín Feal Pereira  
D. Carlos Ladra Brage  
D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro  
D. Iago Varela Martínez.  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

Non asisten os concelleiros D<sup>a</sup>. Ana Rosa Méndez Eiroa, e D<sup>a</sup>. María Eva García Amor

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procedéndose polo Secretario a dar lectura íntegra a acta de da toma de posesión de D. Germán Castrillón Permuy, como Alcalde-Presidente do concello de Cabanas, que se transcribe literalmente:

#### “ACTA DE XURAMENTO E TOMA POSESIÓN ALCALDE.

En Ferrol, a quince de xuño de dous mil quince, sendo as doce horas, no edificio principal do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide, comparece o Secretario do Concello de Cabanas, Don Antonio López Vila, tendo a súa presenza a D. Germán Castrillón Permuy, concelleiro e Alcalde electo do Concello de Cabanas, habilitado para este acto por acordo adoptado na sesión constituínte da Corporación do Concello de Cabanas realizada o día 13 de xuño de 2015, ó obxecto de prestar xuramento e toma de posesión do cargo de Alcalde por parte de D. Germán Castrillón Permuy, para o que foi elixido en dita sesión constitutiva.

Polo Secretario procédese a dar lectura a Acta da sesión constitutiva da Corporación Municipal do Concello de Cabanas, realizada en data 13 de xuño de 2015.

De seguido, D. Germán Castrillón Permuy, presta xuramento ou promesa segundo o establecido no artigo 108.7 da 5/1985 e Real Decreto 707/79, do 5 de abril utilizando a seguinte formula: “Xuro pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Cabanas, con lealdade ó Rei, e gardar e facer garda-la constitución como norma fundamental do Estado”.

A continuación, previa aceptación do cargo de Alcalde, D. Germán Castrillón Permuy xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Cabanas, con lealdade ó Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Cumpridos os requisitos establecido ao efecto e co acordado pola Corporación na sesión constitutiva, D. Germán Castrillón Permuy toma posesión do cargo de Alcalde do Concello de Cabanas.

De todo o cal levántase a presente acta por duplicado exemplar, da cal darase conta a Corporación na sesión convocada ao efecto para esta data as vinte horas no Salón de Sesións da Casa do Concello de Cabanas, asinándoa o Sr. Alcalde-Presidente, conmigo o Secretario, do que dou fé. O Alcalde-Presidente-Asdo. Germán Castrillón Permuy. O Secretario. Asdo. Antonio López Vila.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento da toma de posesión de D. Germán Castrillón Permuy como Alcalde-Presidente do concello de Cabanas.

A continuación dáse conta do Decreto 246/2015 de data 15 de xuño, polo que se nomea primeiro tenente de Alcalde a D. Manuel González López e Decreto 247/2015, do 15 de xuño, polo que se delegada no primeiro tenente de Alcalde D. Manuel González López a totalidade das funcións da Alcaldía durante o período de baixa por enfermidade do titular da Alcaldía.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte horas e dez minutos da cal levanto a presente acta , e do que eu Secretario, dou fe.

Vº e Prace

O Alcalde accidental,

O Secretario

